

O Entroido de Salceda
volve aos anos 70 coa
Orquestra Sur

Páxina 6

A terceira idade de
Vilagarcía, próxima
usuaria dunha casa
de Marcial Dorado

Páxina 9

Os debuxos de Manuel
Arriaga

Páxina 11

Nais e pais de Cerveira
e Tomiño planifican
xuntos actividades
lúdico-educativas

Páxina 13

Inaugurada a nova
Casa do Concello de
A Guarda

Páxina 15



A alcaldesa cesa a Manuel Carrera e a Marcelino Coto

Páxina 3

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas 986 640 834

LOURIÑA

O PORRIÑO

Eva García de la Torre: "É moi difícil que cando eu me comprometo con algo tire a toalla"

“É moi difícil que cando eu me comprometo con algo tire a toalla”. Así se presentou Eva García de la Torre ante un auditorio cheo ata a bandeira co que se comprometeu “a traballar por cada un de vós, por cada unha das vosas necesidades”.

A candidata socialista á reelección no Porriño recordou que fai catro anos “fixemos historia e por primeira vez unha muller socialista chegou ao goberno do Porriño”. “Quero seguir gobernando”, confesou de la Torre, que denunciou a labor da oposición liderada polo Partido Popular.

A actual alcaldesa recordou algunhas das políticas levadas a cabo durante o seu mandato, como os comedores escolares “pagados ao 100% polo Concello” nos colexios con menos recursos, “a pesar da negativa do PP e da Xunta”, á vez que denunciou cando ao PP e Esquerda Unida “mandaron co seu voto 1.300.000 euros en inversión ao caixón”.

“Tivemos que aguantar un sen fin de intentos para que non puidese presentarme de novo á alcaldía, e non o conseguiron”, recordou de la Torre, que pediu á veciñanza que se acordasen destas cousas “cando dentro de 113 días vaíamos meter un voto na urna para elixir alcaldesa”.

David Regades foi o primeiro en intervir no acto para recordarlle á candidata á reelección que ten “todo o apoio” da dirección provincial “para conseguir que no Porriño sigan tendo unha alcaldesa socialista”.

“O Partido Socialista ten unha especialidade, as eleccións municipais”, asegurou Regades, que puxo de exemplo o gran traballo levado a cabo por alcalde socialistas en Galicia e no resto de España. “Tierno Galván en Madrid; Pasqual Maragall en Barcelona; ou sen irnos tan lonxe, Abel Caballero en Vigo”, puxo como exemplo o secretario xeral provincial.



“Ningún máis ten a capacidade que ten Eva de entender ao Porriño e poñer os recursos que precisa para seguir avanzando”, asegurou, pola súa parte, Carmela Silva. A presidenta da Deputación de Pontevedra describiu á García de la Torre como unha muller “forte, do século XXI, intelixente e sensible”, que ademais “é unha namorada do Porriño, do seu pobo”.

Silva recordou a decisión de Feijóo de desviar inversións industriais para Mos “porque alí hai unha alcaldesa do Partido Popular”. “Non é que non sexamos iguais, é que nin somos parecidos”, sinalou Silva tras recordar que na institución que ela preside “os fondos repártense atendendo a criterios obxectivos”, dando por rematada a época “dos amiguismos de Louzán e do PP”.

“A Deputación de Pontevedra investiu neste mandato máis de sete millóns e medio de euros no Porriño, pero respectando a autonomía local: era a alcaldesa a que decidía

onde se investían eses cartos”, sinalou Silva. “E así e como se fai co resto dos concellos da provincia, sen importar quen goberna”.

Eva García de la Torre estivo tamén acompañada polo secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, que asegurou que o partido ten “equipo dispostos a traballar” de cara as próximas citas electorais. O máximo dirixente do partido en Galicia asegurou que non poden dar “as batallas por perdas: o PSOE con Pedro Sánchez vai ser a primeira forza e vai gobernar tras as eleccións xerais, e despois serémolo nas eleccións municipais”.

“Aquí no Porriño será da man de Eva, unha muller con criterio, con capacidade, que quere seguir sendo a alcaldesa que este pobo precisa”, afirmou Caballero, que pediu ás e os militantes e simpatizantes “moito traballo, moita pedagogía, que saíades á rúa a convencer de que o socialismo está aquí para cambiar a vida da xente”.

En marcha o arranxo da piscina municipal

Avanzan as obras de mantemento e arranxo que se están realizando na piscina municipal, consistentes na reparación de paneis de policarbonato do teito, a substitución de 7 placas e a unión do ‘Pavillón 1’ e a piscina. Ademais, váise substituír os traveseros de metal que forman parte da separación entre a zona do ‘Pavillón número 2’ e a piscina.

Estes traballos, que levan proxectados xa tres meses, contan cun orzamento de 24.000€, procedentes dun remanente da Concellería de Servizos Sociaes.

Tamén se substitúe o climatizador da piscina. “Hai dous anos unha inspección de Sanidade determinara que o seu funcionamento non era o axeitado”. Daquela, por mor dos orzamentos municipais prorrogados non fora posible levar a cabo o recambio.

Posteriormente, e aprobado o ‘procedemento de urxencia’ dende Intervención do Concello, licitouse o cambio do mesmo, “unha licitación que foi adxudicada hai un ano por 90.000€”, e que agora vai facer posible a substitución.

Este traballo váise realizar seguindo unha planificación que permitirá que as instalacións sigan funcionando con total normalidade e sen que os usuarios sufran incomodidades ou vexan alterada súa actividade”.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

A alcaldesa cesa dos seus cargos no goberno a Manuel Carrera e a Marcelino Coto

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, vén de cesar dos seus cargos dentro do Goberno local ao tenente de alcalde de concelleiro de Vías e Obras e Deportes, Manuel Carrera, e ao concelleiro de Urbanismo, Industria, Comercio e Medio Ambiente, Marcelino Coto.

García de la Torre indica que viuse “forzada” a tomar esta decisión diante da “ineficacia e deslealdade” no exercicio dos seus cargos destes dous concelleiros aos que, lembra, “non so entreguei máis competencias das que figuraban no acordo de Goberno, asinado hai preto de catro anos, senón que di total independencia e confianza plena para a xestión das súas concellerías”.

Nulo interese na xestión do día a día

No que se refire a isto último, a alcaldesa aprecia, hai tempo, un interese nos dous concelleiros cesados so nos grandes proxectos e non no día a día, que é esencial



para os cidadáns. Precisamente, son as veciñas e veciños os que de cote “transmítenme o seu descontento coa xestión de problemas que lles afectan na súa vida cotiá e que non foron resolto polos devanditos concelleiros”.

“Ante estes feitos non quedou outra saída que dar un golpe na mesa e cumprir coa miña obriga que é a de solucionar eses problemas”. García

de la Torre asegura que vai dar resposta aos porriñeses e porriñesas no que nos demandan, nas cousas grandes e nas pequenas, “temos un equipo solvente e persoal técnico e funcionarios moi cualificados para afrontar este traballo”.

Deslealdade

A esta falla de eficacia, salienta a alcaldesa, súmase unha “deslealdade” que pasa, non so polos intentos destes

dous concelleiros de que sexa a alcaldesa quen asuma a súa falla de eficacia, senón os “seus ofrecementos reiterados ao Partido Popular, ben sexa para integrarse nas súas candidaturas ou para sumarse a unha moción de censura”.

Logo de asinar os decretos de cese nas súas funcións, García de la Torre asumiu as competencias que estes concelleiros viñan desempeñando ate hoxe.

Novo depósito de auga no Campo de Lourambal



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, estivo este xoves no Campo Municipal de Lourambal para comprobar que xa se está a rematar a colocación do depósito de auga sanitaria, de 1.500 litros de capacidade, demandado hai tempo polos usuarios do campo.

O novo depósito, no que se investiron 5.500€, solucionará os problemas que había ate agora co anterior, que xa non era suficiente para dar servizo aos centos de deportistas que adestran ou xogan nesta instalación a diario.



LOURIÑA

O PORRIÑO

A Biblioteca Municipal presenta un extenso programa anual

Ao longo do 2019 a Biblioteca Municipal do Porriño, que depende directamente da Alcaldía, desenvolverá un amplo programa de actividades gratuítas relacionadas coa “aprendizaxe permanente”.

Alfabetización dixital, inglés, linguaxe de sinais...

Desta forma están programados cursos de alfabetización dixital para maiores, grupos de conversación en inglés de varios niveis, cursos de lingua de signos, cursos de español para inmigrantes, de ferra-

mentas de Google, obradoiros de cociña sen glute, cursos para aprender a falar en público, club de lectura, un wiki-maratón, ou unha intensa colaboración cos centros de ensino do Porriño que se traduce en visitas escolares á biblioteca con formación no uso da mesma, charlas para a “busca, selección e uso de información en internet” ou obradoiros de ciencia para escolares.

Animación Infantil á Lectura

O programa de animación infantil á lectura para o 2019, que recibe o nome de “A Con-

tateca”, ofrece ata trinta actuacións ao longo do ano, converténdose nunha das máis variadas e extensas das bibliotecas galegas. Dende este mes, todos os xoves ás 18:00 horas celebrárase unha actividade de animación distinta pensada para familias e público infantil, de 0 a 12 anos de idade, destacando a realización de numerosas actividades pensadas especificamente para bebés. Haberá contacontos en galego e inglés, obradoiros para toda a familia, talleres participativos,



actuacións con kamishibai e libros pop-up, etc.

A biblioteca destaca a gran variedade da proposta, toda articulada ao redor do libro e da lectura, pero na que se tratarán ademais temas como a intelixencia emocional, as tradicións populares, a igualdade de xénero, a concienciación mediambiental ou o bullying.

‘Premio María Moliner’

A Biblioteca Municipal vén de ser recoñecida, de novo, nos Premios María Moliner de Animación á Lectura convocados polo Ministerio de Cultura e a FEMP, como unha das 350 mellores bibliotecas do Estado. Unha distinción que a biblioteca porriñesa leva conseguido “¡nada menos que 14 veces!” entre os anos 2002 e 2018.

O Concello do Porriño creará un novo Grupo Municipal de Emerxencias

Logo de que a Alcaldía recuperase as competencias en Protección Civil e Emerxencias, detectáronse deficiencias que xa se lle advertirán, hai dous anos, ao anterior concelleiro responsable destes servizos.

As carencias apareceron logo da baga de lumes e recomendaronse melloras en materia de persoal e material de cara a garantir a seguridade en caso de situacións de emerxencia pero, durante estes anos non se acometeu acción algunha neste eido.

Na actualidade, O Porriño conta co parque Comarcal de Bomberos Baixo Miño, no Polígono Industrial das Gándaras e, aínda que a súa sede está dentro do termo municipal, a súa demarcación aglutina varios concellos da zona para dar cobertura a inundacións, accidentes, lumes e outras catástrofes e O Porriño, con un importante artellamento industrial, auto-vías e autopista que pasan polo

concello, preto de zonas moi poboadas, non se pode permitir que, en caso dunha emerxencia, no haxa un servizo de primeira intervención, dependendo de se os bomberos do parque comarcal están noutro servizo, coma sucedeu hai pouco.

“Falamos de salvar vidas” e dende a Alcaldía subliñase que non se pode regatear en emerxencias dado que unha intervención rápida e esencial en calquera situación de perigo.

O Porriño conta cunha Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil, sufragada polo Concello por medio dun convenio dotado con 30.000 euros anuais, pero a realidade é que coma norma xeral so hai un voluntario de servizo e sempre é o mesmo: o propio presidente da agrupación que, coma sinala a alcaldesa, pon de manifestó o seu sacrificio ao estar as 24 horas do día, 365 días ao ano a disposición da cidadanía. “Pero Protección Civil non poder ser unha soa

persoa”.

Á vista dun informe interno, que recomendaba, de novo, melloras no que se refire a Emerxencias, e co visto bo da Secretaría do Concello, ven de proporse a creación dun Grupo Municipal de Emerxencias, formado nun principio, por seis bombeiros que cubrirían as 24 horas do día, con posibilidade de aumentar a plantilla no verán para combater os incendios e actuar contra a vespa velutina.

A parroquia de Torneiros sería a primeira beneficiada pola creación deste novo grupo que tería o seu centro no Edificio Multiusos Municipal.

Nos vindeiros días haberá unha xuntanza coa Deputación de Pontevedra coa finalidade de solicitar unha achega para a compra de materia, empezando por un camiión de Bombeiros.

Así mesmo, está previsto potenciar o aumento no número de voluntarios de Protección Civil que sexan un apoio para o novo grupo de Emerxencias.

O Concello garantiza a continuidade da Porriño 10K

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada de integrantes do servizo municipal de Deportes e do xefe da Policía Local, mantivo unha xuntanza con representantes do Club Atletismo Porriño e os organizadores da Interrunning.

Nesta reunión, en primeiro lugar, expuxéronse os “malos entendidos” que puidese haber no que se refire a esta proba e tratouse o tema das condicións e infraestruturas precisas para a celebración do novo evento deportivo.

“Houbo un importante achegamento de posturas”, sinala Eva García de la Torre quen, logo de recoñecer e agradecer “o

traballo dos representantes do Club de Atletismo Porriño”, comprometeu a “participación directa e activa do Concello na organización da proba”.

A alcaldesa salientou que “a achega económica por parte do Concello do Porriño será a necesaria para que non se rebaixe, nin nun cigallo a calidade que viñan conquerindo os anteriores organizadores”. Estes, logo de comentar as súas diverxencias, amosaron unha mellor disposición e sintonía co Concello.

García de la Torre, subliñou, por último, que “a continuidade desta cita deportiva está absolutamente garantida e, por suposto, coa mesma calidade das anteriores edicións”.

O PORRIÑO

O Entroido do Porriño 2019 abrangue cinco días de troula, actividades, música e disfraces

Maxia, música, animación na rúa, charangas, o tradicional Xogo da Ola, comparsas, obradoiros, mesmo chocolatadas, Drags e DJs...todo cabe na Programación do Entroido do Porriño 2019.

Os días clave das festas deste ano serán o sábado, 2 de marzo, no que terá lugar a 'Lectura do Pregón', ás 12:30 h. na Praza do Arquitecto Antonio Palacios, a

cargo de dous históricos do entroido porriñés, Abel e Maxi.

Ás 14:00 h. será o momento do Xantar do Entroido, animado por charangas e DJs. Ás 16:00 h. empeza o 76º Xogo da Ola. Ás 17:30 h. está marcado o inicio do 'Desfile de Comparsas', co espectáculo 'Lume' a cargo de Troula Animación. Ao remate do desfile empezará na carpa do Roxy a 'Festa Rachada'.

Outro dos días centrais será o mércores, 6. Esa xornada será a de despedida do Entroido e abranguerá o 'Velorio da Sardiña', no Centro Recreativo e Cultural, ás 17:00h. De seguido o 'Enterro', ás 19:00h. con saída do Centro Recreativo cara a Praza de Antonio Palacios. Seguirá a 'LectUra do Testamento', a cargo de Drag Star e, finalmente, na Ponte do Valo, a 'Queimada e últimas vontades'.



Calefacción e auga quente na unitaria de Mosende

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, xunto coa concelleira de Educación, Lourdes Moure, vén de visitar a Escola Unitaria de Mosende onde o Concello colocou un quentador de auga e un sistema de calefacción.

A escola, subliña a alcaldesa "carecía de calquera instalación para que as nenas e nenos estivesen quentes". En menos dunha semana o Concello dispuxo os mesmos, investindo uns 6.000€, e "agora os pequenos xa no pasan frío xa que mesmo tiñan que estar na clase cos abrigos e as cazadoras postas e non podían nin lavarse as mans porque a auga saía conxelada da billa".

Escola Infantil de Torneiros e CEIP de Atios

A actuación na Escola Unitaria de Mosende é outra máis das accións de mellora e arranxo que acomete o Goberno local nos centros de ensino do Porriño. A finais de agosto, a alcaldesa supervisara persoalmente o remate dos traballos de reforma e mellora da Escola Infantil A Galiña Azul de Torneiros, nas que o Concello investiu 37.577,53€

As obras abrangueron a retirada do perpiaño superior



do inmoible, a colocación de novas baixantes, a reparación da caneta posterior e do comedor; a demolición de varios tabiques; a eliminación das filtracións de auga; arranxo do muro de contención do xardín de xogos; substitución do pavimento; colocación dun novo pechamento metálico na entrada; amaño do xardín e o céspede; substitución dos zócosos; reparación de xogos, elementos e bambáns; pintado das varandas, selado de fiestras ou a limpeza das fachadas cun tratamento de auga a presión.

Do mesmo xeito, impulsou as obras de mellora da cuberta e dos baños do centro CEIP Plurilingüe de Atios, cun orzamento de 15.000€.

Cero euros da Xunta de Galicia

"Todos estes traballos foron

asumidos polo Concello na súa totalidade maila que as competencias, exclusivas, en materia de Educación son da Xunta de Galicia". Eva García de la Torre insiste na necesidade, como fixo durante todo este mandato, de que o Goberno galego se faga cargo do arranxo das fendas dos centros de ensino públicos do Porriño, "cumprindo coa súa obriga".

Neste eido, a rexedora reitera que, logo de pedir reiteradamente a construción dunha nova gardería e un novo colexio, "á vista do estado do CEIP Fernández López", a Xunta destina nos 'cero euros' a estas demandas nos seus orzamentos para 2019, aínda máis, conclúe a alcaldesa, "tampouco contempla partida algunha dos 50.000€ demandados polo Goberno do Porriño para os comedores escolares".

Rematadas as obras na Fase V de Torneiros



As obras iniciadas hai unhas semanas na Fase V de Torneiros están rematadas. A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, visitou o lugar no que puido comprobar que o resultado das mesmas.

Os traballos solucionaron "varios problemas graves de seguridade e salobridade" que estaban a sufrir os veciños dun dos edificios desta parroquia. A día de hoxe está impermeabilizada a terraza, os muros e rehabilitouse a entrada ao garaxe.

Ao mesmo tempo, acometeuse a eliminación de barreiras arquitectónicas, quitando escaleiras e desniveis, creando ramplas e adaptando todos os elementos á normativa vixente de accesibilidade.

As obras permitiron recu-

perar as zonas de xardíns; mellorar o mobiliario urbano, instalar elementos de protección, coma una varanda de aceiro inoxidable.

García de la Torre lembra que o estado da terraza era desastroso, había lousas soltas, co perigo que supuña para os nenos que xogan aquí, a impermeabilización estaba esnaquizada, os garaxes anegábanse os días que chove, a varanda que había sobre eles estaba enferruxada e case solta e "as filtracións ameazaban con causar problemas na propia estrutura do edificio".

Nos vindieros días comezará unha nova fase de actuacións no mesmo lugar coa colocación dun sistema de alumeado en toda a área do inmoible e en cada un dos portais do mesmo.

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

O Entroido de Salceda volve aos anos 70 coa Orquestra Sur

A Casa da Cultura Castelao acolleu esta mañá a presentación da programación de Entroido, coa presenza de Tere Pérez e Marcos Besada por parte do Concello, acompañados de Lucía González e Sergio Rodríguez polo barrio de Castro Barreiro e Martín Acuña e Abel Pérez polo barrio da Feira.

A Concelleira presentou a ampla programación prevista para estas festas, que se extenderá dende o 1 ata o 5 de marzo, e que contará con tres grandes desfiles polas rúas da vila: o desfile escolar con máis de 1.200 nenos e nenas o venres 1, o XXI desfile de carrozas e comparsas coa participación de 13 agrupacións xa confirmada, e por último o desfile que enfrontará aos barrios de A Feira e Castro Barreiro o martes 5, e que forma o acto central do Entroido histórico de Salceda, con máis de 125 anos de enfrontamento documentado entre ámbolos dous barrios.

Como novidade presentouse este ano o "Baile anos 70" que terá lugar o domingo ás 22:00 na Praza do Concello e que contará coa "Orquestra

Sur", unha proposta da Escola de Música de Salceda que recuperou a histórica formación existente en Salceda ata a década dos 70 e coa que bailaron moitos e moitas salcedenses durante anos. A modo de homenaxe a aquela histórica agrupación preséntase esta proposta que de seguro conseguirá encher a Praza do Concello e devolvernos á década dos 70, para o que se pide que as persoas asistentes acudan tamén con vestimentas acordes coa época.

Por segundo ano consecutivo mantense o entroido tradicional coa presentación do Rancho de Entroido e os cabaleiros do barrio da Feira na Praza do Concello o domingo na Praza do Concello e posteriormente no Parque Raíña Aragonta onde tamén se celebrará a II borrallada dos mamarachos, na que se anima a participar tanto a salcedenses como a visitantes.

Os representantes de Barreiro e Feira incidiron un ano máis no segredismo que acompaña o seu Entroido, do cal non se publica nin sequera o programa de festas ata a fin de semana

de Entroido. Ambos coinciden en que o traballo forte se fai unha vez pasado o Nadal "tanto se o Entroido cae o 5 de febreiro como se cae o 5 de marzo", aínda que durante todo o ano se fan actividades diversas para conseguir financiación para as festas, sen esquecer que estamos a falar de dous barrios pertencentes á mesma parroquia, polo que falamos de barrios pequenos.

Marcos Besada falou dos "tres entroidos" de Salceda: o dos centros escolares, o institucional, e o entroido tradicional de A Feira e Castro Barreiro, destacando o valor da recuperación histórica feita polo barrio da Feira do Rancho de Entroido e os cabaleiros. "Estamos de noraboa. Temos un Entroido coñecido en todo o País que é sinal de identidade de Salceda e que seguimos a poñer en valor cada ano. Temos claro que na loita en Castro Barreiro e A Feira é fundamental a existencia de un para que teña sentido a existencia do outro, que conseguiron incluso superar as épocas de prohibición como a da dictadura franquista".



PROGRAMA Venres, 1

Desfile de entroido dos centros escolares polas rúas da vila : E.I. Xoaniña, E.I. A Galiña Azul, CRA Raíña Aragonta, CEP Altamira, IES Pedras Rubias. 11:00 Saída de Altamira Aula aberta de danzas do mundo con Mercedes Prieto. 19:00 Praza do Concello

Sábado, 2

Festa infantil de disfraces. O Coliño Bailongo. 16:30 Parque R. Aragonta Banda Cultural de Salceda con Paco Lodeiro. 19:00 Auditorio.

Domingo, 3

Rancho de Entroido da Feira acompañado dos cabaleiros. 12:30 Praza do Concello Desfile dos cabaleiros. 13:00 polas rúas da vila.

Rancho de Entroido da Feira e II borrallada dos mamarachos. 13:30 Parque Aragonta XXI Desfile de carrozas e comparsas. 17:00 Saída da Deseva

XI Concurso de coplas de Entroido. 19:00 P. do Concello Os Espantarratos. 21:00 Praza do Concello

Baile "anos 70" coa ORQUESTRA SUR. Disfrázate da época!! 22:00 Praza do Concello

Luns, 4 e martes, 5

Disfruta do centenario enfrontamento entre A Feira e Castro Barreiro, con verbenas nos dous barrios e coa presentación das súas carrozas e comparsas o martes ás 17:00 na Praza do Concello e ás 19:00 no cruceiro de Fontedapedra

Aprobado o inventario de bens por 26 millóns de euros

O Pleno da Corporación de Salceda de Caselas aprobou, cos votos a favor de MS e PSOE e en contra do PP, o Inventario Municipal de Bens, que lle reconece propiedades ao Concello por un valor de 25.960.825,95 €. O documento certifica a existencia de 1.222 bens inmobles, 3 dereitos reais, 19 mobles especiais, 18 vehículos e 1.234 obxectos de mobiliario, que se procederán a inscribir no Rexistro da Propiedade.

O Concello de Salceda dispuña ata o de agora dun Inventario Municipal que data do ano 1967, e que basicamente consistía nun libro que describe de xeito literal algúns bens que nesa data constaban como municipais. A veces dita descripción estaba acompañada dun croquis realizado a man alzada, que a día de hoxe estaban completamente desfasados e sen os datos de situación, xeorreferenciación, xurídicos etc. precisos para que os bens

alí reseñados poidan ser catalogados correctamente tal como esixe o RBEL nos 8 epígrafes que constitúen un Inventario Municipal.

En 2012 o Concello de Salceda contratou a empresa LAYA que realizou e posteriormente foi aprobado o inventario municipal de viais, catalogando tódolos viais municipais, que agora se completa co resto dos epígrafes.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "O Inventario Muni-



cipal de Bens resulta fundamental para a correcta xestión do patrimonio público. Con este traballo descubrimos ademais novos elementos que sen dúbida contribuirán ao enriquecemento patrimonial e cultural do noso Concello segundo

se vaian poñendo en valor. Agradecemos a enorme colaboración prestada polos veciños e veciñas e polos colectivos veciñais de cada unha das parroquias, fundamental para acadar o resultado que agora vimos de aprobar".

Salceda de Caselas Entroido 2019



Domingo, 3

Rancho de Entroido da Feira
acompañado dos cabaleiros
12:30 Praza do Concello

Desfile dos cabaleiros
13:00 polas rúas da vila

**Rancho de Entroido da Feira
e II borrallada
dos mamarrachos**
13:30 Parque Aragonta

XXI Desfile de
carrozas e comparsas
17:00 Saída da Devesa

XI Concurso de coplas
de Entroido
19:00 Praza do Concello

Os Espantarratos
21:00 Praza do Concello

Baile "anos 70"
coa **ORQUESTRA SUR**
Disfrázate da época!!
22:00 Praza do Concello

Sábado, 2

Festa infantil de disfraces
16:30 Parque R. Aragonta

O Coliño Bailongo
18:30 Parque R. Aragonta

**Banda Cultural de Salceda
con Paco Lodeiro**
19:00 Auditorio Municipal

Venres, 1

Desfile de entroido
dos **centros escolares**
polas rúas da vila

- E. I. Xoaniña
 - E. I. A Galiña Azul
 - CRA Raíña Aragonta
 - CEP Altamira
 - IES Pedras Rubias
- 11:00 Saída de Altamira

Aula aberta
de danzas do mundo
con **Mercedes Prieto**
19:00 Praza do Concello

Luns, 4 e martes, 5

Disfruta do centenario enfrontamento entre A Feira
e Castro Barreiro, con verbenas nos dous barrios e
coa presentación das súas carrozas e comparsas
o martes ás 17:00 na Praza do Concello
e ás 19:00 no cruceiro de Fontedapedra

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

3ª Xornada Bádminton Copa Promoción Xogade en Salceda



Espléndida xornada de bádminton vivida o domingo 24 de febreiro no pavillón municipal Altamira de Salceda de Caselas, onde cerca de 100 nenos e nenas de diferentes idades, comprendidas entre as categorías alevín e cadete, deronse cita na 3ª Xornada de Bádminton Copa

Promoción Xogade.

Participaron o CB Rosalía de Vigo, CB Tui, Asorei Cambados, CB Crecente, CB Rachaplumas, Compañía de María Cangas, Colegio Estudio, CB As Neves, CB Salvaterra, CB Ponteareas, CB Mondariz e EDM bádminton Salceda (como anfitrión).

O evento está promovido

polo Servizo de Deportes provincial da Xunta de Galicia, organizado polas EDM Bádminton Salceda e coa Colaboración do Concello de Salceda de Caselas, Federación Galega de Badminton, Deportes Carlos Miguel e Pixeralia.

Na entrega estiveron o Xefe do Servizo Provincial de Deportes

Daniel Benavides, o Alcalde Marcos Besada, a Concelleira de Deportes Carla Perez.

Por medallas de ouro o Club Bádminton Ponteareas foi o que mais colleitou con 2 medallas

Por cantidade de medallas o Club Bádminton Tuy e o Compañía de María de Cangas foron os que mais metáis colleitaron.

A loita contra a violencia de xénero nos colexios

O Concello de Salceda ven de rematar as actividades organizadas polas Concellarías de Igualdade e Ensino de Salceda de Caselas, dirixidas a concienciar e informar aos máis cativos sobre a importancia da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. As actividades leváronse a cabo no CEP Altamira e no IES Pedras Rubias, dentro da subvención para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero da Deputación de Pontevedra.

No caso do CEP Altamira traballouse co alumnado de 4º e 5º curso, con actividades de estimulación artística en igualdade, que deron como resultado a elaboración dun libro de contos creados polos propios alumnos, que se fará chegar ao propio colexio.

No IES Pedras Rubias trátase de facer conscientes ás rapazas e rapaces da importancia da diversidade e de como na súa comprensión e aceptación se sentaban as bases para alcanzar a Igualdade. Recorréronse diferentes temas como foron a diversidade das persoas, a diversidade de orientación sexual e a diversidade nas familias.

Comunicado de Multiclyp aclarando a acusación do Partido Popular de facturar ao Concello servizos de Movemento Salceda

Oscar Barros Martínez, propietario da empresa Multiclyp encargada da limpeza dos cristais do local de Movemento Salceda quere realizar a seguinte aclaración, solicitando á prensa teña a ben difundir a mesma:

A factura pola limpeza dos cristais do local de Movemento Salceda presentouse no rexistro do Concello por un erro achacable única e exclusivamente a esta empresa, sen que en ningún momento houbera instrución alguna por parte do grupo

de goberno para presentar dita factura. No momento en que esta empresa realizou a facturación mensual polos diferentes servizos que presta para o Concello, por un erro incluíuse a factura mencionada, que xa foi devolta por parte do Concello e que en

ningún caso foi abonada tal e como afirma o Partido Popular de Salceda.

Multiclyp quere expresar as súas desculpas ante o Concello de Salceda e solicita se lle dea difusión por parte da prensa a este comunicado.

M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo
Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

A terceira idade de Vilagarcía, próxima usuaria dunha casa de Marcial Dorado

O Concello mercou o inmoble a través do Fondo de Bens Decomisados por tráfico ilícito de drogas

Primeiro o Pazo Baión, logo o Pazo de Vista Real, os dous no concello de Vilanova de Arousa, e agora unha casa que Marcial Dorado poseía en pleno centro de Vilagarcía. A sociedade do Salnés dá un paso adiante na loita que mantén contra a lacra do tráfico de drogas. O Concello de Vilagarcía non o dubidou e tan pronto coñeceu que saía a subasta propuxo a súa compra ao Fondo de Bens Decomisados. O consenso foi total, o edificio foi retirado da subasta e incluso a delegada do Plan Nacional sobre Drogas, Azucena Martí, desprazouse á capital do Salnés para asinar co alcalde a escritura de venta. O Concello desembolsará 174.047 euros, o prezo

inicial de taxación.

A sociedade, polo tanto, gaña terreo e faise co que outros conseguiron blanqueando diñeiro. Hai que lembrar que a casa foille decomisada a Marcial Dorado logo dunha sentenza por blanqueo de capitais. Esa que ratificou o Tribunal Supremo no ano 2016 e na que o condenaron pola actividade ilícita a seis anos e un día de prisión.

No que respecta ao inmoble, ubicado a carón da Praza de España, en pleno centro da cidade, é idóneo para destinalo a uso social. O rexedor local, o socialista Alberto García, ten claro que a terceira idade será a destinataria. Iso sí, unha vez reformado porque na actualidade a coñecida como Casa Jaure-

guizar está en moi mal estado logo de anos de abandono. A propiedade ten 500 metros cadrados repartidos en baixo, planta e baixocuberta.

Hai que lembrar que o Fondo de Bens Decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados obtén diñeiro con subastas e vendas como a desta casa co obxectivo de invertilo en prevención. Un exemplo da súa actividade son as Unidades Asistenciais de Drogodependencias.

No Salnés ata o de agora había dúas imaxes claras do que significa destinar propiedades incautadas ao narcotráfico a beneficio da poboación. A primeira foi o Pazo Baión, unha propiedade que estivo nas mans de Laureano Oubiña. Agora encárgase dela a cooperativa vitivinícola Condés de Albarei. ¿E cómo repercute na sociedade? Contrata a persoas que conseguiron abandonar o consumo de drogas e que ato-



pan no Pazo Baión unha nova oportunidade laboral. Pero ademais, a cooperativa realiza anualmente un ingreso no Fondo de Bens Decomisados. No que respecta á segunda imaxe, é o Pazo de Vista Real. Atópase, como o de Baión, no concello de Vilanova de Arousa, que o situou como o punto ao que dirixirse para realizar cursos de formación. Alí o Concello realiza tódalas súas actividades relacionadas co desenvolvemento local.

mento local.

En definitiva, agora tócalles mudar de imaxe á Casa Jaureguizar, que está chamada a converterse en Vilagarcía nun referente en servizos sociais. Pero podería non ser o último, porque aínda quedan máis propiedades decomisadas á espera dun destino. É o caso, por exemplo, da propiedade que vén de rexistrar o Estado como propia na Illa de Arousa e que tamén pertenceu a Marcial Dorado.

María López Correa gaña o IX Certame de Relatos de Muller Matilde Bares

A viguesa María López Correa resultou gañadora do IX Certame de Relatos de Muller Matilde Bares co relato "As fillas da Manola", composto por catro historias de diferentes mulleres emparentadas entre si, unidas pola soidade ante os atrancos das súas vidas. Nelas réalzase a importancia da creación dunha rede de apoio entre as mulleres. Así o destacou o xurado que se reuniu nas dependencias do Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Bueu e que estivo

composto por Marta Currás, María del Carmen Caramés e Carlos Freire, os tres con experiencia no panorama literario, e actuando como secretaria a directora do CIM, Montserrat González.

Este certame, dotado con 1.500 €, iniciouse no 2005 coma unha homenaxe a Matilde Bares, mestra de labor recoñecida na vila de Bueu que ademais foi promotora de actividades culturais e grupos de teatro. Ademais, o concurso busca promover a reflexión e o debate arredor da igualdade

entre homes e mulleres e da necesidade doutros relatos que reivindiquen novas formas de escribir a historia.

Nos seus inicios, este concurso erixiuse como unha referencia no sector literario, e ten premiado a varias persoas destacables no campo da cultura. Na primeira edición a gañadora foi Rosa María Martínez Dios co relato Dúas cunchas; seguidamente, Xurxo Sierra Velloso, con As dúbidas de María; Xosé Alfredo Naz Fernández, con Círculo, Serafín Parcero Pérez, con Ollos de cinsa; María



Reunión do xurado do Certame

del Carmen Caramés Gorgal, Alexandre Alonso con Días de namorar e Lola, e Xénero imperfecto.

HUMOR

MARTIRENA



Os debuxos de Manuel Arriaga

Por Francisco Puñal Suárez

Manuel Arriaga (Cidade Real, 1954) obtivo varios premios en 2018, como o 1º Premio Internacional de Cartoon Animal de Belgrado e a Segunda Praza nos Premios Coruxa organizados polo Museo de Humor da vila galega de Fene,

na provincia de A Coruña, entre outros.

"Gústame debuxar-di Manuel- temas en xeral. Os concursos dánlle a opción de enviar viñetas que van do humor branco á caricatura máis crítica e corrosiva. Personalmente prefiro non un humor demasiado ofensivo, pero ás veces hai que poñer un pouco de

ácido para poñer na picota as inxustizas que nos rodean. O humor gráfico ten unha gran función e un gran impacto neste momento. A inspiración entra en calquera situación e no que ves".

Arriaga publicou as súas caricaturas en revistas de todo tipo: Jara e Sedal, Clara, Trofeo deCabalos, Caza e Safaris e outros. Publicou os seus debuxos, faial gúns anos, na prensa rexional de Murcia, pero agora coa crise dos medios de comunicación ten moi limitada a súa colaboración.

"Para que unha boa caricatura -di él- impacte ao espectador, debe ter brillo, graza, non complicar a mensaxe. Polo menos, para quen o observa, escápase un sorriso. Iso en humor branco. Cando queres facer algo crítico, unha viñeta mordaz, debes buscar un detalle expresivo que intente impactar. No debuxo do traficante de armas, que ganó mención no concurso Arte da Resistencia, de Holanda, creo que o sangue que salpica produce ese efecto que require o obxectivo da caricatura".



Manuel Arriaga, caricaturista



2º Premio Coruxa de Humor 2018



Mención - Salón Piracicaba 2017




Mención-The Art of the Resistance 2018



No al matrimonio infantil



Cuidando a Caperucita



Corresponsal de guerra



Ejecución

BAIXO MIÑO

Ampliado o prazo de inscrición na segunda edición do concurso escolar Creando Rural

Ampliase o prazo de inscrición para participar na segunda edición de Creando Rural, un concurso escolar posto en marcha pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural co obxectivo de achegar coñecementos sobre o desenvolvemento rural a cativas e cativos. Trátase dun concurso escolar participativo dirixido a alumnado de educación infantil e primaria dos centros educativos dos 13 municipios que conforman o territorio do GDR 14 (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui).

Presentación de proxectos ata o 5 de abril

As aulas interesadas en participar terán ata o vindeiro 19 de marzo para inscribirse a través da páxina web de Creando Rural (creandorural.org). Coñecedores do axustado programa lectivo dos centros escolares, nesta segunda edición ampliouse o tempo de traballo dispoñible para os e as participantes e o prazo de presentación de proxectos, que poderán enviarse ata o vindeiro 5 de abril de 2019 tamén a través da propia web do concurso, facilitando así o traballo do persoal docente.

O profesorado deberá traballar co alumnado na aula as sete unidades didácticas creadas e adaptadas aos dous niveis educativos (7 para educación infantil e 7 para educación primaria), a través das que os rapaces e rapazas aprenderán que é o GDR 14, que se busca con el e como afecta á poboación e á economía da contorna. Unha vez revisadas estas unidades, cada aula ao completo poderá presentar un proxecto conxunto a concurso, co titor ou titora como responsable.

Excursión a Corazón de Carballo e FervenzAventura

Na categoría de educación infantil pídese como proxecto un mural creativo e de inspiración libre e na de educación primaria un vídeo dun máximo de dous minutos. O premio será:

Para o alumnado de infantil unha excursión dun día á granxa escola Corazón de Carballo, situada en Tomiño, o vindeiro 15 de maio. Alí os nenos e nenas realizarán diversas actividades relacionadas co medio rural, coa natureza e coa adquisición de valores implicados na convivencia, no traballo en equipo, na co-



laboración e no respecto. Educación ambiental e artística mediante multitude de actividades realizadas de xeito cosmopolita, plural, aberto e multicultural.

Para o alumnado de primaria un día no centro de aventuras FervenzAventura, en Silleda, o vindeiro 28 de maio. Unha combinación de aventura e natureza para aprender o valor da riqueza natural da contorna e a necesidade do seu coidado a través dun completo programa que combina educación ambiental e aventura nunha xornada de convivencia e traballo en equipo con actividades que van dende xogos de aventura, como o rocódromo ou a tiroliña, ata aprender os segredos do bosque, desfrutar dos animais da granxa ou da horta ou un gran xogo de orientación con GPS.

Do 8 ao 30 de abril abrírase un prazo de votación popular para que a cidadanía escolla os traballos (un por categoría) que máis lle guste. Pero, para salvar as diferenzas de poboación que existen no territorio e evitar que os nenos e nenas poidan verse prexudicados por esta votación popular, a organización tamén designará un xurado composto por expertos na materia que elixirán outros dous premiados (un por categoría).

Éxito de participación

A primeira edición de Creando Rural rematou con un grande éxito de participación: 28 aulas de 12 centros escolares de 7 municipios presentaron os seus proxectos a concurso. Un éxito ao que hai que sumarlle a boa resposta do público durante o período de votación popular, no que se recibiron máis de 4.700 votos.

Tomiño prepara a súa V Gala do Deporte

O Concello de Tomiño premiará aos deportistas, equipos, adestradores, clubs e asociacións máis destacados durante o último ano na V Gala do Deporte, que terá lugar o vindeiro sábado 9 de marzo no Auditorio de Goián.

200 participantes no deporte transfronteirizo

Duascentas persoas participan no programa transfronteirizo "Deporte para todas as persoas", promovido pola Eurocidade Cerveira-Tomiño, con actividades deportivas gratuítas que se levan a cabo en espazos dos dous concellos, até final de ano.

As opcións incluídas neste programa son piscina en familia, actividades para maiores de 55 anos e práctica de diversas modalidades deportivas en parroquias de Tomiño e IPSS de Cerveira.

As actividades estarán en marcha ata o mes de novembro, con parada estival en agosto. Prévese que o programa acolla tamén unha andaina e un evento polideportivo.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

TOMIÑO

Nais e pais de Cerveira e Tomiño planifican xuntos actividades lúdico-educativas para xullo e outubro

As asociacións de nais e pais de Vila Nova de Cerveira e Tomiño (ANPAs) comezaron a planificar a pasada semana, as actividades dos proxectos gañadores no Orzamento Participativo Transfronteirizo (OPT) 2019.

Trátase de dous proxectos impulsados conxuntamente polas asociacións de pais e nais dos dous concellos, que durante o proceso de votación obtiveron máis do 50% dos votos e serán desenvolvidos ao longo deste ano, cadanseu cun orzamento de 10.000 euros.

Un dos proxectos pretende a conciliación laboral para as familias, a través de actividades lúdico-educativas nunhas vacacións activas e creativas, a desenvolver no



mes de xullo.

O outro proxecto gañador persigue educar en valores, a través de actividades artísticas e medioambientais, entre as que están previstas visitas a unha granxa-escola e experimentación con ma-

teriais de refugallo. Esta actividade está prevista para o mes de outubro.

Os organizadores tentarán implicar nestas actividades compartidas, até 400 nenos e nenas de entre 3 e 12 anos tomiñeses e cerveirenses.

A artista Gemma Marqués presentou o proxecto “Anónimas” no Mercado Municipal de Tomiño

Dentro da Axenda de Primavera do Concello de Tomiño, a artista guardesa Gemma Marqués presentou en Tomiño o seu libro “Anónimas” que da nome a unha exposición que acolle até o día 11 de marzo, o Mercado Municipal.

A presentación contou coa presenza da concelleira de Cultura, Cristina Martínez, e decenas de persoas no público. Gemma Marqués, acompañada por Lola Costas (responsable do texto) expuxeron unhas imaxes explicando “Anónimas, retratos de musas cotiás”: o seu “proxecto feminista, de visibilización das mulleres normais, as de todos os días”. Comentaron o nacemento da idea, materializada nos murais e no libro. “Esta é a segunda edición do libro e estamos moi contentas coa acollida”, apuntou a artista, que está a pintar nestes días, para celebrar o Día da Muller 2019 un terceiro mural en Tomiño, “tamén colorista e optimista de cara ao futuro das



mulleres no rural”.

A artista guardesa pintou xa en Tomiño dous murais alusivos ao tema coincidindo co día da muller; un primeiro, no muro exterior do Campo de Fútbol de Goián, e un segundo, nunha rúa do centro urbano do Seixo.

Compostaxe para os máis pequenos nos CRA de Tomiño



Máis de 150 nenos e nenas de entre 3 e 5 anos, das 13 aulas do CRA (Colexio Rural Agrupado Mestre Manuel Garcés) de Tomiño, participan estas semanas nun proxecto de compostaxe organizado polo Concello co fin de que os máis pequenos se achen á compostaxe.

A actividade inclúe uns obradoiros de compostaxe doméstica con fases teórico-prácticas, nas que os máis cativos/as van aprendendo, a través do xogo, contos e cancións, que é e como se leva a cabo o proceso. Unha vez completada a primeira fase, o alumnado é conducido ao exterior da aula, onde instalan un composteiro para o seu uso diario e poden ob-

servar de primeira man como se utiliza o compós e que elementos do lixo poden introducirse nun composteiro doméstico.

As actividades amosan como facer para xerar os mínimos residuos posibles e axudar a coidar o medio ambiente. Así aprenden que a reciclaxe dos restos de cociñar e das comidas, das podas dos xardíns e as hortas, faise de forma natural e económica mediante a compostaxe.

Os talleres comezaron no CRA do Seixo e foron trasladándose a todas as aulas do Centro Público Rural Agrupado Mestre Manuel Garcés. A actividade terá continuidade en breve nos colexios públicos da vila con ensino infantil.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda adxudica por case 50.000€ as obras de mellora na Praza de Abastos

O Concello da Guarda ven de adxudicar á empresa DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. por un valor total de 48,865,89€ IVE incluído, o contrato para o proxecto de reforma da Praza de Abastos, que se suma ás melloras xa realizadas nos pasados anos e que recolle traballos de eliminación de barreiras, mellora e conservación e equipamentos.

O Concello da Guarda vai a executar unha serie de actuacións na Praza de Abastos do municipio que consistirán na adaptación total en termos de mobilidade e accesibilidade, entendendo que esta é unha moi boa oportunidade para facer tales actuacións neste espazo, que quedará perfectamente axeitado para a mobilidade de persoas.

As actuacións previstas en instalacións consisten na colocación de portas automáticas nos accesos dende a rúa Xulián



López e Concepción Arenal, así coma a construción duns aseos accesibles na planta superior e a reforma dos baños existentes.

Recuperarase ademais a antiga bóveda de canón da porta de acceso norte na rúa Xulián López para realzar o valor arquitectónico do edificio

O prazo de execución das obras será aproximadamente dun mes, executándose os tra-

ballos simultaneamente co uso deste espazo coa finalidade de causar o menor prexuízo a praceiros e cidadáns.

O edificio da Praza de Abastos data do ano 1921, aínda que xa se realizou unha ampliación e reforma no ano 1955, sendo un dos focos comerciais de maior interese do municipio con varios postos de carnes, peixes e mariscos, froitas e hortalizas, etc.

Mellora da iluminación da Rúa Pontevedra na Guarda



O Concello da Guarda ven de mellorar a eficiencia enerxética da Rúa Pontevedra do casco urbano coa instalación de 3 novos puntos de iluminación de tecnoloxía led co que se prevé un aforro enerxético aproximado dun 70%.

Nesta mellora, elimináronse os 6 puntos de luz exis-

tentes nesa rúa e instaláronse 3 novos puntos de luz que dan unha cobertura completa á totalidade desta rúa cunha iluminación moito máis eficiente que suporá un aforro, non só na factura de electricidade, senón tamén no consumo e unha mellora substancial na calidade da iluminación deste espazo.

A Ecopista entre Cerveira e Valença abriu o calendario de Andainas 2019



O Concello da Guarda e a Cámara Municipal de Caminha continúan ofertando actividades deportivas conxuntas cun novo calendario de andainas para este ano 2019, no que se inclúen un total de 5 andainas e, como nas edicións anteriores, os percorridos realízanse en Galicia e Portugal.

As andainas iniciáronse o pasado sábado día 23 de febreiro cun percorrido pola Ecopista ao carón do Miño entre Vila Nova de Cerveira e Valença, onde un grupo numeroso de veciños da Guarda

e Caminha aproveitaros e gozaron dunha espléndida xornada cunhas excelentes temperaturas para coñecer este paseo á beira do Río Miño por terras portuguesas. A andaina iniciouse no Parque do Castelhinho e finalizou na fortaleza de Valença.

A próxima cita será unha ruta polo Sendeiro do Tea o sábado 9 de marzo, a ruta de Peneda a Sistelo o sábado 6 de abril, a ruta da Pedra e da Auga e do Río San Martiño o martes 1 de Maio e rematarán coa ruta do Sendeiro do Miradoiro de Matacás o sábado 1 de xuño.

A Deputación financia con 120.000 euros a urbanización da Rúa Calvario

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, informou da aprobación dun investimento para A Guarda con cargo á liña 1 do Plan Concellos 2019. En concreto, son 121.951,87 euros cos que a vila poderá financiar a urbanización da rúa Calvario entre os números 48 e 73. Este ano a institución provincial pon a disposición de A Guarda ao través do Plan un total de 808.965,46 euros, un 2,94% máis que no 2018.

Máis polo miúdo, a actuación contempla a urbanización e mellora dos servizos existentes na rúa O Calvario. Neste eido, algunhas das obras previstas



abarcen a demolición e levantamento do pavimento actual, o movemento de terras, a execución de soleras de formigón, a instalación de solados de granito, e a renovación das tubaxes de saneamento e de abastecemento.

Ademais das achegas correspondentes á Liña 1, que son este ano de 562.964,54

euros, o concello de A Guarda tamén ten á súa disposición polo Plan Concellos 2019 un total de 71.340,27 euros na Liña 2 de amortizacións e débedas. Así mesmo, outros 174.660,65 euros da Liña 3 de emprego cos que a Deputación financia a contratación de 15 traballadores e traballadoras para o concello.

A GUARDA

Inaugurada a nova Casa do Concello

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, participou na inauguración da nova Casa do Concello da Guarda, situada no emblemático edificio da “Casa dos Alonsos”, na Praza do Reló. Trátase dunha actuación na que o Goberno provincial investiu un total de 98.536,01 euros, a través do Plan Concellos en distintos exercicios desta lexislatura. As achegas provinciais destináronse para actuacións de dotación de mobiliario e execución de diversas reformas. Xunto á presidenta provincial, no acto de inauguración oficial



de hoxe tamén asistiron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a corporación municipal; a subdelegada do

Goberno na provincia de Pontevedra, Maica Larriba; a directora xeral de Administración Local da Xunta, Marta Fernández-Tapias; ex alcaldes da localidade e moitas veciñas e veciños da vila. A inauguración levouse a cabo co tradicional descubrimento dunha placa na nova sede do Concello, o corte de cinta e os himnos da Guarda e de Galicia.

Con este cambio de dependencia municipal, o concello da Guarda pretende ter unha sede máis ampla

e moderna, ofrecendo así un servizo de atención á cidadanía de máis calidade e nun espazo máis confortable. A reforma da “Casa dos Alonsos” mantivo intacta a fachada deste histórico edificio indiano. Dispón de soto e tres plantas, nas que se sitúan as diferentes dependencias, oficinas e servizos municipais. Ademais dos espazos para atender á veciñanza, tamén se habilitou unha sala de exposicións e unha sala de xuntas, entre outros usos.



A Guarda renova a cesión do local da Asociación Érguete Baixo Miño



O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e o Presidente da asociación Érguete Baixo Miño, Victoriano Rodríguez, realizaron a firma do Convenio para a renovación da cesión do local que emprega este colectivo na «Casa do Pescador», cedido á súa vez pola Tesorería General de la Seguridad Social ao Concello da Guarda para o seu uso para fins de interese social.

Deste xeito a Asociación Érguete Baixo Miño pode continuar empregando este espazo por 4 anos máis, prorrogables, para as súas labores sociais en beneficio dos veciños e veciñas da Guarda e arredores.





Tui reconece na VII Gala do Deporte Tudense aos seus deportistas, clubs e entidades

Roi Rodríguez Huertas Club Kaiak Tudense Axuda Paramos e Jesús González Álvarez do Remo do Miño e Tania Fernández do Club Kaiak Tudense Axuda Paramos foron galardoados co premio Deporte Tudense Deportistas nas categorías masculina e feminina na VII Gala do Deporte Tudense celebrada no Teatro Municipal de Tui.

O evento reconeceu os logros na pasada temporada e as traxectorias deportivas de deportistas, clubs, adestradores, entidades... amais de realizar unha serie reconecementos especiais a persoas que ao longo da súa vida tiveron unha vinculación singular co deporte ou un papel fundamental nalgunha das disciplinas deportivas que se practican na cidade.

Esteban Alonso Núñez adestrador do Club Kaiak Tudense Axuda Paramos foi galardoado co premio Deporte Tudense nesta categoría, mentres que o Club de Patinaxe Artístico Ribex de Tui levou o premio

na categoría de Club.

Os padeeiros Patricia Domínguez Arístegui do Club Kaiak Tudense Axuda Paramos e Pedro Areal Abreu do Club Piragüismo Pamplona recibiron o Premio Deporte Tudense Veterano feminino e masculino, respectivamente. Mentres na categoría sub 23 os premios foron para Pedro Vázquez Llenín do Club Kaiak Tudense Axuda Paramos e José Leiras Estévez do BM Cisne e para Ainhoa Lameiro Rodríguez do Club Piragüismo Penedo Te Importa e Lara Feijoo Pérez Club Kaiak Tudense Axuda Paramos. Tamén recibiron o galardón de Premio Deporte Tudense Promesa Masculina Iago Valera Muñoz e Borja González Martínez do Club Piragüismo Penedo Te Importa e Joana dos Santos Alves do Club Kaiak Tudense Axuda Paramos e Carlota González Gil do Club Remo do Miño.

Amáis Luís Antonio Sández García do San Xerome recibiu o premio Premio Deporte Tudense Deporte Adaptado e o

Club Bádminton Tui o de Promoción do Deporte Base. Foron tamén galardoados a Cámara Municipal de Valença cunha Mención Especial polo seu apoio ao deporte na Eurocidade, e Sertuy coma Firma Comercial polo seu patrocinio a varios clubs nos últimos anos.

No transcurso da Gala as fillas de Jesús Solleiro Arjona, María José e María del Carmen, recibiron unha Mención honorífica en recoñecemento ao papel do seu pai – falecido hai un ano - no baloncesto na cidade.

As xogadoras de balonmán que comezaron nas escolas deportivas en Tui Gemma e Nuria Martínez Fortuny recibiron un recoñecemento especial, ao igual que houbo un recoñecemento honorífico para Manuel Pons Gómez e José Antonio Rodríguez Chamorro coma impulsores do balonmán na cidade, para Francisco Javier Rodríguez Adelino polo seu papel no fútbol local, especialmente no TYDE FC, e para Manuel Piña Silva e José



A padeeira Tania Fernández xunto ao concelleiro de Deportes, Eduardo Freiria.

Luís Méndez García coma promotores do remo en Tui nos seus inicios.

Amáis Nuria Kodiz Domínguez Asensio recibiu un recoñecemento coma mellor primeira da historia. Foron en-

tregadas amais medallas aos 27 deportistas de Tui ou de clubs tudenses participantes en campionatos do Mundo, Europa, e que competiron coa selección española na pasada temporada.